



SALVADOR

Conversación iniciada 16 de Agosto de 2011



Benito Fernandes Meirinho

16/08/11 18:02

Hola Borja, eu sou Benito Fernandez(Júnior), sou irmão de seu pai Javier, filho de seu avó Benito, moro em Ilhéus, Brasil, não sei se você já estava sabendo que tinha tios no Brasil, estou muito feliz de encontrar vocês, que era um sonho de seu avó, um grande abraço.

17 de Agosto de 2011

Escribe unha resposta...



Engadir ar...



Engadir fotos

Preme Intr... ☐

Responder

BORJA FERNÁNDEZ

Fago teatro para viaxar, entre outras cousas. En *Salvador* tiveron que enfrontarme a un dos segredos máis escuros da miña familia. Supuxo rañar nunha ferida, pero tamén foi goce, unha celebración da vida.

Percorrer o rastro que deixou Benito Fernández Meiriño. Falar dun morto e facer estratexias —chamando polo pasado— para que outros falen del. Tamén estaba viaxando e iso producíame un pracer inmenso.

Entreí na intimidade da nova familia que Benito construíu en Brasil e durmín nas súas casas, escoitando as súas conversas. Xente que coñecín por primeira vez atopando dobres versións dos feitos, e triangulacións na información, que ía e viña sen sentido aparente, para expoñer esa verdade sobre un escenario.

A fin de contas estaba escoitando parte da historia da emigración galega e hai milleiros coma esta no noso país. Desde colegas que me falaron dos seus avós emigrados, a taxistas de Río de Janeiro, señoras de Salvador de Bahía ou xente de Pontecaldelas emigrada en Ilhéus, respondendo así a unha parte de: quen somos? De onde vimos? Cara onde imos?

Fun un *link* familiar, un intercambiador de información, contando a uns e outros o que me dixeran uns e outros, intentando unir cabos soltos, presentándoos vía Skype, a irmáns e irmás que non se coñecían. E agora, un pouco mais preto, quizais se poidan ver en persoa. Algún día.

Sobreexpoñerme no escenario deume nun principio pudor, porque é a miña vida, pero tamén pracer, porque con ela podo viaxar.



MODELO S. C. 139

REPÚBLICA DOS ESTADOS UNIDOS DO BRASIL
FICHA CONSULAR DE QUALIFICAÇÃO

Esta ficha, expedida em duas vias, será entregue à Polícia Marítima e à Imigração no porto de destino

Nome por extenso Benito Fernandez Meirino

Admitido em território nacional em caráter PERMANENTE

Nos termos do art. 9º letra do dec. n. 7.967, de 1945

Lugar e data de nascimento Verín - 27-11-1923

Nacionalidade espanhola Estado civil casado

Filiação (nome do Pai e da Mãe) Severino e Maria

Profissão mecânico

Residência no país de origem Porto Vedra

NOME	IDADE	SEXO
.....		
.....		
.....		

FILHOS
MENORES
DE 18 ANOS

Passaporte n. 2961/59 expedido pelas autoridades de Governo Civil
de Porto Vedra na data 23-6-1959


visado sob n. 2694

ASSINATURA DO PORTADOR:

NOTA—Esta ficha deve ser apresentada à autoridade consular, sendo as duas vias em original.



SEL
CON

Consulado Geral do Brasil em VIGO
30 de novembro de 1959
PELO CONSUL GERAL:

FERNANDO FIAZ MELLÉ
Vice-Consul Interino.

Salvador é un exilio voluntario, articulado coa complicidade dun equipo que me axudou a reconstruír este crebacabezas. Eternamente agradecido a Laura Iturralde, Uxía Vaello, Manolo Cortés, Diego Anido e Cláudio Días.


Agradecer tamén ao equipo da Berberecheira polo impulso inicial e seguimento constante do proxecto, ata a edición do presente texto. Grazas familia!


27 Caminho Trinta e Nove

Ilhéus, Bahia

Street View - ene. 2012







SALVADOR

Idea e creación : Borja Fernández

Iluminación e visuais : Laura Iturralde

Dirección : Borja Fernández e Uxía Vaello

Textos : Borja Fernández
e Manuel Cortés

Asistencia de dramaturxia : Cláudio Días

Asistencia de dirección : Diego Anido

Espazo sonoro : Borja Fernández

Outras músicas : Pálida, Rosvita

Deseño do cartaz : Isaac Piñeiro

Producido por : Borja Fernández

**Estreouse o 2 de xuño de 2017 no Teatro
Ensalle (Vigo) e o 16 de xuño no Auditorio
Constante Liste da Ramallosa (Teo)**

SALVADOR

Entra público. Soa en bucle un fragmento de «Deepest» de Pálida. Na pantalla está proxectada en grande a «ficha consular de inmigración» de Benito Fernández. Esta proxección mantense ata que entra todo o público.

Borja e Laura están sentados no patio de butacas e acceden ao escenario. Teñen dúas mesas de operacións de 2 x 1 m, colocadas a ambos os lados, unha fronte a outra. Á esquerda, a mesa de Borja, cunha cesta de froita tropical, unha manta, un limón, unha botella de auga, cartas, fotos, un ordenador portátil, unha gravadora, un tronco do Brasil, unha máscara tribal, un suadoira gris, un pantalón branco, unha camisa dos 60's de listas brancas e vermellas e finas franxas azuis, unhas hawaianas e un bote de crema solar. Na mesa de Laura está todo o control de luz, son e vídeo, ademais dunha placa de luz tamaño A2 para transparencias, unha cámara de vídeo e multitude de xelatinas, fotografías e outras imaxes.

Desaparece a música e entra un son continuo e metálico. Borja sae da mesa de operacións e achégase ao público.

1. O barco

Este podería ser o ambiente do interior dun barco dos anos cincuenta. Concretamente da bodega, na proa, ao lado da sala de máquinas. O barco chámase Braghma. É un barco francés de pasaxeiros que fai a ruta trasatlántica. Desde que sae de Francia o barco fai paradas en Bilbao, A Coruña, Vigo, Lisboa, Casablanca e Dakar. En Dakar enche as caldeiras co seu combustible, carbón de pedra, e despois zarpa rumbo Sudamérica. Imaxinemos que é de noite, o barco está no medio do Atlántico e o mar está calmo. Na bodega hai xente durmindo, no chan. Son pasaxeiros de terceira clase. A maioría homes. Xornaleiros con callos nas mans, traxe gastado, botas, unha bolsa con comida, unha manta para se abrigar e un limón, para o mareo. Persoas que máis tarde se farán pasar por carpinteiros, albaneis, xastres, panadeiros... O que faga falta con tal de atopar un traballo. Ao ser pasaxeiros de terceira clase teñen dereito a auga doce unha vez ao día, que aproveitarán para asearse e para beber. Cando se faga de día, algúns subirán a cuberta, pasearán, mirarán lonxe en todas direccións e preguntaranse por cal dos puntos do horizonte verán terra. Tamén aproveitarán, se cadra, para facerse unha foto na cuberta con pose de capitán. Unha foto que máis tarde enviarán ás súas familias. A foto da ilusión. Ou a foto da mentira. O noso protagonista, Benito Fernández Meiriño, viaxou nun barco moi parecido a este.

Cando remata de falar, pon os brazos en xarra e mira a unha hipotética cámara. Na pantalla proxéctase a foto na que un home posa exactamente igual ca el. É Benito Fernandez, con 36 anos, na cuberta do barco que o levou a Brasil. Borja aguanta a pose mentres escoitamos o off de Benito Neto, acompañado de subtítulos, proxectados na marxe esquerda da imaxe.

Off Benito Neto:

Você ten que pensar como vencedor para ser un vencedor.
É claro que você não vai ficar assim fazer escolhas
o mundo vai fazer con que você faça as coisas ao jeito dele,
nao, você vai fazer as súas propias escolhas.
agora você ten que ter consciencia... e...
consciencia das consecuencias,
que poder ter,
consecuencias futuramente as súas escolhas que você fez no pasado.

Mais não é só você pensar que as consecuencias poden ruins,
você ten que pensar que as consecuencias poden ser boas.
Porque nunca se sabe, sempre pensar positivo.

Borja desfai a pose e diríxese directamente ao público.

Quen fala é Benito Fernández Neto, ten 10 anos e vive en Ilhéus, Bahía; é o neto máis vello de Benito Fernández Meiriño en Brasil. O meu nome é Borja Fernández, teño 40 anos e vivo en Santiago de Compostela. Son o neto mais de vello de Benito Fernández en Galicia. Este rapaz foi algo así como o meu Salvador.

2. Salvador

Salvador é o nome da capital de Bahía, primeira capital do Brasil colonial. Unha cidade cunha estrutura triangular, cercada polo mar. Ata alí e tamén por todo o estado, emigraron moitísimos galegos a mediados do século XX, nunha maior porcentaxe do sur de Galicia, sobre todo da provincia de Ourense, e máis concretamente das aldeas de Laza, Pazos, Refogos e Medeiros. De Pazos, en Verín, era Benito Fernández Meiriño, meu avó paterno. Emigrou a Brasil o 5 de decembro de 1959 nun buque francés chamado Laennec. E desapareceu.

Borja fai o xesto da vitoria na súa man esquerda. Proxéctase a foto de Miss Garota do Verão na que aparece Benito con pose de triunfador, man en alto cos dedos formando o sinal da vitoria.

Atopárono así, 18 anos despois, xunto a Miss Garota do Verao Sulbahiano e un adestrador de fútbol na localidade costeira de Ilhéus, 400 km ao sur de Salvador de Bahía. Durante moitos anos non houbo imaxes del. Á parte desta tampouco hai moitas máis desa época, pero algunhas si, e nelas pódese ver a meu avó rodeado de diferentes persoas en diferentes lugares.

Proxéctanse máis fotos rodeando a primeira.

Aquí, nunha reunión de empresarios de Bahía, dentro do edificio do Cacau.

Aquí, sentado no chan en sinal de protesta, nos Xogos do Cacau, onde formaba parte do xurado.

Aquí, vendo os Xogos do Cacau, con barba pintada con lapis negro.

Aquí, xogando ao Scalextric cuns nenos no Clube Social de Ilhéus, do que foi presidente.

Aquí, entregando un diploma tamén no Clube Social.

Aquí, presentado unha xincana, era o organizador das xincanas do barrio de Sapetinga, tamén en Ilhéus.

Aquí, asomando entre unha parella que baila, con cara de «estou aquí».

Despois desta primeira localización, aínda demorou dez anos máis en escribir dúas cartas á súa muller e fillos, as dúas en 1987. Unha primeira pedindo perdón: «lo siento mucho». E outra dicindo que na seguinte explicaría «la pura verdad desnuda y cruda de los hechos que me llevaron a dejarlos». Pero esa carta nunca chegou e Benito faleceu en 2004. Eu nunca o coñecín.

Borja sinala co dedo na pantalla, onde se proxectan mediante un zoom esas frases das cartas.

As incógnitas sobre a súa figura son moitas. Din que fuxiu porque tiña débedas, porque xogaba ás apostas nas tabernas, porque facía negocios de contrabando con Portugal, porque adulteraba sacos de fertilizantes... Sabemos que no Brasil estivo relacionado coa industria química de fertilizantes para as plantas, que foi masón e en cada foto que fun atopando del semella unha persoa diferente. Reinvéntase a si mesmo en varias ocasións.

A mañá do 5 de decembro de 1959 Benito Fernández sae da casa da súa sogra en Salcedo, Pontevedra, onde vivía coa súa muller e fillos, dicindo que ía de viaxe a Barcelona por uns negocios. En realidade mentiu porque foi ao porto de Vigo coller un barco para ir ao Brasil e nunca máis volver. Abandonou á súa muller Josefa, e aos seus tres fillos: Francisco Javier, meu pai, de seis anos; o meu tío José Benito, de catro anos; e a miña tía Lupe, de apenas ano e medio. Esta é a súa historia.

Entra vídeo. Fragmentos difuminados de filmes antigos mesturados por Laura en directo. Borja fala ao público cun micrófono de man. As imaxes pretenden simular a reconstrución da fuxida de Benito.

3. Reconstruír a fuxida

5 de decembro de 1959.

A cortina da casa, translúcida, está levemente enrugada e encollida á dereita.

Son as sete e media da mañá dun día frío e calmo de inverno.

Benito Fernández perfila a súa silueta por detrás da cortina.

Dirixe os seus pasos cara á súa muller Josefa, pensativa, no medio da finca.

Vai detrás do seu fillo Javier. Javierito. Está imitándoo. Xoga a ser el.

Borja fai unha tradución, ás veces falsa, dalgúns diálogos dos filmes. Isto sucederá en toda a escena cando aparezan diálogos.

—Papá / Papá

—*E questo la fine del mondo?* / Vasme traer un regalo?

Benito aínda non o sabe, pero a mirada de Javier será o último recordo en loitar por non ser borroso. Sae da casa e avanza lentamente cara ao taxi, sen mirar atrás.

—*Buongiorno* / Bos días.

—*Buongiorno* / Á estación de tren.

O taxi alónxase da casa, facéndose cada vez máis pequeno, ata que desaparece pola recta de Salcedo en dirección norte, cara á estación de tren de Pontevedra. Benito bota unha última ollada á paisaxe que tan ben coñece e que sabe que nunca volverá ver. O cheiro a terra mollada invade as súas fosas nasais...

—Dá a volta!

—*Where?* / Cara onde?

—*This* / Vigo

O taxi enfía en dirección a Arcade.

Illa de San Simón...

Redondela... Rande...

Están chegando a Vigo. Van en dirección ao porto, pola rúa García Barbón.

Benito pensa en Pepa.

A súa man aínda conserva o cheiro do seu perfume.

No porto hai moita xente, de moitas clases, de moitos sitios, facendo moitas cousas distintas.

Aparece o xefe de inspección de pasaportes.

Benito entrega o seu macuto na aduana.

—*Where do you coming from?* / De onde vés?

—*Turkey* / Verín

—*Can you open this?* / Podes abrir iso?

O policía asegúrase de que Benito non leve nada sospeitoso.

—*What is this?* / Qué é isto?

—*Pictures, some pictures and pencils, it's my work* / Queixo, só queixo e unha empanada, para a viaxe.

O xefe de inspección de pasaportes, que non ve nada sospeitoso, abandona o barco. Está zarpando o Laennec. As despedidas desde o porto son moi emotivas. No fondo todos saben que esta é unha viaxe só de ida.

—*Help, here, eh!* / Adeus, escribe, volve pronto!

O barco alónxase do porto. Dentro de pouco non será máis do que un punto sobre a liña do horizonte. Un punto e á parte na vida de moitos. E quen sabe se tamén un punto final.

Off de Lita

Falando entre galego, castelán e portugués.

Los barcos que venían no tienen ninguna diferencia con los barcos negreros que le llamaban donde traían los esclavos. Porque galego era sinónimo de burro, de bruto, de tudo isso que você possa ver de peiorativo era o galego...

Os que traballaban en armazéns, padarías, que eran a maioría, só tiñan un día libre por ano, que era chamado «o día do caxeiro»...

Branquinhos como estaban, ou se metían no mar...

Non sabían nadar... Afogamento... Ou então insolación.

Por que reconstruír a parte descoñecida da vida de meu avó? Por que mergullarse e afondar nas lagoas da súa biografía? Por que buscar a Benito Fernández?

Nalgúns casos sucede que as preguntas acostuman ser moito máis complicadas cás respostas a esas preguntas. E sucede tamén que as respostas son xeradoras doutras preguntas. De maneira que cantas máis respostas, máis preguntas. Este é un deses casos. De-zaseis de agosto de 2011. Estou comodamente instalado na tranquilidade do meu cuarto, navegando por internet e abro mecanicamente o Facebook.

Na proxección podemos ver como se entra en Facebook e como se navega un pouco polo muro real de Borja, mentres este fala.

Atopo o típico: aniversarios, convites a eventos, fotos sen interese, virus... O habitual nas redes sociais. De repente recibo unha mensaxe (*lendo*):

«Olá Borja, eu sou Benito Fernández (Júnior), irmao do seu pai Javier; fillo do seu avó Benito. Nao sei se sabía que tem familia no Brasil (pausa). Estou muito contento de encontrar vocês, que era um grande sonho de seu avó. Un grande abraço»

Esta é a resposta a aqueles «por ques». Unha resposta que abriu unha porta de preguntas que aínda hoxe non se pechou. A primeira era por que fuxiu, pero de súpeto atópome con que ten unha familia en Brasil, con que alguén co seu mesmo nome está a se comunicar comigo e con que, claro, é irmán do meu pai, é meu tío, e ademais ten a miña mesma idade, os dous nacimos no ano 77. O ano en que Benito aparece fotografiado con Miss Garota do Verão. Esa noite comecei a navegar por internet. Atopei o seu pasaporte nunha páxina mormona chamada *familysearch.org* e a partir de aí comezou todo. Non recordo en que momento quedei durmido diante do ordenador, pero si sei o que soñei.

*Empezan as proxeccións de procuras de Google Maps
que seguirán a Borja na súa narración.*

4. Soño cunha praza

Soñei que dúas estradas se unían nun vértice. Vía esta imaxe desde o alto. Un grupo de persoas corrían a toda velocidade por unha rúa asfaltada; outro grupo, por unha rúa de terra, corría aínda a máis velocidade. Parecían dúas familias. Uns ían con maletas, vestidos de inverno, con abrigos e roupas escuras; os outros con sandalias e con vestidos de flores. As dúas familias arrasaban con todo o que atopaban como se fosen proxectís, e cando chegaron ao punto de unión desas dúas rúas, chocaron no vértice, estoupando polos aires e formando unha cortina de fume. Cando o fume desaparece alí estaba eu, sen cara, sen rostro, con todo o corpo de cor laranxa e ollando para os lados coma se tivese uns lentes de realidade virtual. Eu estaba xusto no vértice onde sucedeu o impacto, diante dun anaco de terreo que parece unha praza con forma triangular. Ollo aos lados e vexo casas de diferentes tamaños e diferentes estilos, nunha delas unha frase pintada no seu muro. Pon «Benito Gamma, 1400». Miro ao outro lado e outra casa, a medio construír, co número 38 pintado en grande con brocha azul, e ao lado outra frase: «Deus é fiel». Miro outra vez para a praza e aparéceseme un home vestido de negro cun mandil de cor vermella. O home leva un cálice na man. Parece que lle vai caer. Achégome para collelo. A través do cálice vexo o mar, hai un océano dentro do cálice. Xa non estou alí, estou diante do mar, nunha praia quilométrica, hai un carro aparcado e de súpeto aparece un arará azul enorme. Un papagaio así de grande pousado nunha palmeira! Empeza a soar unha canción dentro do carro. Achégome e a canción que soaba era esta:

Borja colle unha guitarra eléctrica e canta:

Arará azul

Deixa que te coma
froito de jacarandá
teu nome ka-í jepopeté
aplauso de mono
banana da terra
cola de balea no mar
enferma o cacau
vasoira de bruxa
fertilizantes Copas
Salomón
madeira de jacarandá
son masón

Itabuna, Itacaré
Ilhéus as tres is
dis que é asim
i si é asim?
pasinho a pasinho
cheguei ate aqui
isto e asim
isto e asim
meu confidente é un arará
cor azul
pousando nu jacarandá
olhando ao sul

5. Salcedo-Santos

Off Serafín

*Vicecónsul de Espanha en Ilhéus, falando entre galego,
portugués e español.*

«Eu tiña muito contacto con Benito, mais assim de conversa, por-
que ele non quería así muita conversa cos españois. Ele se decía nun
principio que era vasco, que no quería saber. Xa cuando morreu Fran-
co, muito depois... pode ir la España que non ten problema. No, se eu
ir a Espanha eu posso ficar presso no aeropuerto, no sei o que lá...»

*Entra música de Pálida «Zumm». Entra proxección cunha
transparencia dun mapa de Sudamérica. Borja empeza
a narración da chegada de Benito a Brasil, acompañ-
da coas proxeccións de Laura, gravadas cunha cámara*

en directo e unha placa de luz, pola que van pasando diferentes obxectos: un vaso con cervexa, gominolas, un mosquito, anacos de xelatinas de cores con formas de corazón, un forno de pan, fotografías, fotos de edificios... Utilizando diferentes efectos visuais, como delays, distorsións das imaxes, etc. Todo isto acompaña a narración do texto.

Benito Fernández Meiriño chegou o 16 de decembro de 1959 a Santos, Brasil. Ao chegar empezou a traballar na padaría do seu pai, Severiano, que levaba vinte anos emigrado en Brasil. Na panadaría traballou os primeiros meses, ata que enfermou de malaria por causa da picadura dun mosquito. Ingresou no hospital. Alí, quen sabe se levado pola febre, namorouse da enfermeira que o coidaba. Pero a relación non se consolidou. A malaria fixo que Benito, á parte dun pedazo do seu corazón, perdera tamén parte do seu estómago. Ao saír do hospital deixou a panadaría, perdeu contacto coa enfermeira e desapareceu. Deixamos de ter información del. Posiblemente fora a unha taberna. Tomar unhas tazas. Á procura de alguén que lle puidese dar traballo. Xogar unhas mans ás cartas. Sabemos que nesa época Benito perdeu o dedo maimiño da man dereita.

Máis tarde volvemos atopar o seu rastro tres mil quilómetros ao norte: en Bahía. Atopamos pistas da súa estadía en rúas hoxe inexistentes: rúa Jaguará, 173; rúa dos Coaveiros 248..., que parece estar en Feira de Santana, preto de Salvador. Finalmente comeza a traballar para fertilizantes COPAS (*A COPAS nordeste fertilizantes serve a toda a região cacauceira a través dos cacaucultores e da CEPLAC*). E así chega a Ilhéus, Bahía, catrocentos quilómetros ao sur de Salvador. *Ilhéus é linda, nossa, já viu que coisa é essa, un paraíso!* Supoñemos que está contento, feliz. En Ilhéus alóxase no Hotel Britannia, na rúa Jorge Amado, no centro da cidade, ao lado do Teatro Municipal.

Parece que chega con fame porque come o primeiro que atopa: ba-

nanas. Pero son bananas para fritir e Benito cómeas crúas. O erro de apreciación, a inxesta masiva e o seu medio estómago delicado lévao novamente directo ao hospital. Alí volve namorar da enfermeira que o coida. A enfermeira non lle corresponde, pero ante a insistencia de Benito, accede a ter unha cita con el.

Acordan ter o encontro no Ponto Chic, un café cercano ao Hotel Britannia, hoxe convertido en sorvetería. *E o ponto chic não tem xeladinho, tem xeladão, um xeladão mesmo grande, viu?* A enfermeira acode á cita, sí, pero na compañía do seu namorado, unha maneira elegante de dicirlle a Benito que desista do seu empeño en ir detrás das enfermeiras. Non obstante, como ela vai acompañada tamén da súa irmá pequena, Filomena de Vasconcelos, Benito, de natural entusiasta, namórase dela. Mestiza, filla de india e portugués, dezanove anos. Benito xa ten cincuenta. Corre o ano 1973. En breve terán catro fillos seguidos: no 74, 75, 76 e 77. Durante este período, o negocio dos fertilizantes decae pola enfermidade do cacao chamada «vasoira de bruxa» e monta unha empresa de fabricación de bloques de construción. Comeza a facer vida social na cidade. É nomeado presidente da Associação Cultural e Desportiva de Ilhéus. Durante a súa presidencia teñen lugar os Jogos do Cacau.

Laura, que acabou de montar todas as fotos periféricas finalmente coloca a foto da garota, de tal maneira que temos exactamente a imaxe do principio, pero montada nun proceso inverso.

É durante estes xogos cando, nalgún momento, aparece retratado en compañía de Miss Garota do Verão Sulbahiano 1977.

Borja coloca unha mesiña na fronte do escenario. Coloca unha gravadora na mesa. Despois coloca unha cadeira ao lado da mesa. Mentres fai todo isto fala. Borja sen-

ta na cadeira. Adopta a postura e un pouco a voz da que podería ser Pepa.

6. As cadeiras de Pepa

Borja/Pepa

Miña avoa Pepa gostaba moito de camiñar, pero faltáballe o aire, sufría das pernas, entón tiña cadeiras espalladas por toda a finca. Levaba unha caixiña co Sintrón nun peto do mandilón, almorzaba sopas de cabalo cansado (pan mollado en viño da casa) e así comezaba o día para ela. Se quería ir ás viñas, catro cadeiras; se quería ir ás galiñas, dúas cadeiras.

En agosto de 2005 deixo a miña casa de Santiago. Vinte anos despois vou vivir outra vez a Salcedo con miña avoa. Durante ese período falamos moito. Un día fíxome unha confesión e eu graveina. Pero perdina. Aínda así lembro perfectamente o que me contou e onde estabamos sentados. Ela estaba aquí (*Borja coloca unha cadeira no centro da escena, fronte ao público*) e eu estaba ao seu lado (*Borja coloca unha pranta pequena ao lado dereito da cadeira*). E prendín a gravadora. Ela sabía que estaba gravando, pero non lle importaba.

Borja, con voz de Pepa.

O teu avó díxome que ía a Barcelona por uns negocios e en realidade foi a Vigo coller un barco para ir ao Brasil. Disto decateime eu despois por un taxista en Pontevedra, preguntoume: que tal chegou Benito? Que tal chegou a onde? Agora mesmo vasmе dicir onde está o meu marido, que levo tres meses sen saber del! E así foi como me decatei. Despois escribiu e díxome de ir para alá cos fillos. A mi al principio me dió así el impulso de coger las maletas e ir detrás, así sin

pensar nada máis. Estabamos moi namorados, non sei... Pero non me fiei. Despois foi deixando de escribir, fomos perdendo o contacto... E así.

Proxección na pantalla:

Josefa, alias «Pepa»,
1930-2010, profesión: mestra de escola.

Coñecino no baile, na Cultural de Salcedo, o edificio ese da carretera vella de Marín. El era militar, chico!. E pouco despois deixoume preñada e xa nos casamos e veuse a vivir aquí, a casa da miña nai. Ela vixiábanos cada segundo, pero el era moi cariñoso e eu non me podía despistar que á minima xa me andaba detrás, aí dálle que te pego tocándome o «chelo». E aínda así conseguimos ter tres fillos, un deles teu pai... Non tiñamos intimidade... E pola noite así en silencio, todo o faciamos en silencio. Tamén silencio para non contar a ninguén que el marchara sen avisar, que estaba mal visto, como fixo meu pai, como fixo o pai del tamén. Foron un para Brasil e outro para México. Os homes estaban educados así. Xa cando pasaron uns meses tiveron que pedir algún diñeiro prestado, porque o que enviaba meu pai desde México non era suficiente. Despois saquei o diploma de maxisterio. Xa o tiña, vamos, pero arranxei o título e púxenme de interina. Aos poucos meses xa me saíron prazas de mestra: en Pazos de Borbén, Pontecaldelas, aquí en Salcedo tamén... Despois co segundo envío de diñeiro de meu pai (el enviaba por Navidad e no verán), comprei un coche: un chiquichentos. Eran mis piernitas! Con el ía ao pienso, a misa e a «misasuntos» todos. Cada vez que escoitaba un pitido de coche perto da casa, pois viñame un pensamento. Do taxi. E así.

Entra proxección:

Casada con Benito Fernández en 1953

Fillos: Francisco Javier, José Benito e Guadalupe

As súas mans eran finas, moi delicadas, el non era home de campo. Era moi cariñoso. Eu quería, Estaba namorada. Era o amor da miña vida. Xa non tiveron máis. Un que veu por casa, pero nada, amigos. Eu tiña unha amiga, Luisa, ti coñecíchela, a de Barcelona, tiñamos moito de que falar. Ela era divorciada. Fíxate tú. Tiñamos moito de que falar. E a min gustábame. Viaxabamos moito xuntas, a Lourdes, a Fátima, pero nada máis.

Pepa chama aos gatos todos cun chasquido de mans

Missh missh!

Cólleme a carta esa que teño alí no caixón do moble ese da cociña que está alí debaixo da escaleira esa que vai ao faiado.

A medida que Borja vai lendo a carta, vaise facendo un encadeado lento entre a imaxe que está nese momento proxectada (o tendedeiro) e a imaxe da carta que está lendo. Para cando Borja remata a única imaxe que hai é a da carta.

Borja/Pepa le a carta (con faltas de ortografía) en alto:

«María Josefa:

Díos sabe que lo siento mucho. pero lo que pasó, pasó. Espero que Díos te ilumine para que sepas perdonarme. lo no dije a nuestros hijos, pero telo digo a ti: tu fuiste también en todo esto la grande víctima, que Dios te recompense por tener criado tam bien nuestros hijos, y que el te conserve con salud hasta los últimos días de tu vida, para que puedas disfrutar del cariño y el amor de nuestros hijos y nietos.

Quiero que sepas que contarás toda mi vida con mi profundo cariño, con mi respeto y con mi agradecimiento, y que de todo corazón siento en el alma todo lo que pasó, pero ya nada podemos hacer, ya que el pasado jamás vuelve.»

Benito Fernández, 9 de decembro de 1987.

Borja remata e enfróntase ao público. Deixa que se faga un silencio antes de empezar a falar.

Vintecinco de agosto de 2015. Collo un taxi en Santiago de Compostela que me leva ao aeroporto. O taxista chámase José Luis. Taxi nº 132. Falamos. O normal: «onde vas? A Brasil. A qué?» Explícolle o caso por enriba, pero con entusiasmo, coma unha experiencia case mística, coma se fose unha historia única que estaba obrigado a reconstruír. El escoita. Cando remato, permanece un momento en silencio e despois cóntame a historia do seu tío José Manuel.

A transcripción do texto proxectarase na pantalla ao mesmo tempo que o escoitamos. Mentres, Borja fai un cambio de vestiario: transfórmase coa vestimenta que levaba o seu avó nunha foto: un pantalón branco e unha camisa a listas vermellas e brancas.

Off Taxista:

«... Era o desconocimiento, cheo de medo, saíndo dunha guerra...

E entón, a muller non foi..., a muller non foi,

entón ela quedábase aquí e el..., taba lá,

e alá el enfermou, non sei que carallo lle pasou...

Enfermou e foi pa un hospital, e bueno..., operárono, non sei,

levaba un tempo no hospital,

e resulta que alí conoeu a unha enfermera,

a enfermera que o..., unha das enfermeras que o trataba...

Liáronse con el.
Refixo a súa vida...
Refixo a súa vida, tuvo unha nena, unha filla, que lle chaman Sonia,
que aquí a través de facebook e tal, comunicámonos...
É moi guapa, unha tia rubia...
E tal...
E vive en...
Esto era todo en Salvador de Bahia.
E alí se quedou o tipo,
por 50 anos ou 50 e pico.
Fíjate ti.
Despois, fíjate o que é a vida,
a el tocáranlle nas carreiras de cabalos unha cantidade de pasta...
Pero estaba sempre sen un duro.
Vivi ben, punto.
Ao final... Que carallo!
Esta vida son dous días e é unha puta merda.
Entendes?»

Nun momento dado os subtítulos mestúranse cun vídeo dun avión aterrando no aeroporto Jorge Amado de Ilhéus. Borja fai un loop dun ritmo de capoeira cun pandeiro e toca a canción «Salvador» cunha guitarra eléctrica golpeada por un pau, a modo de birimbao. Laura mestura vídeos da praia dos ricos de Ilhéus con figuras triangulares de cores con efectos caleidoscópicos, unha foto con Benito en Sapetinga nos anos 70 coa mesma postura que a foto do inicio no barco, mentres unhas columnas salomónicas aparecen como parafusos aos lados da imaxe.

7. Bahía de Salvador

A canción remata mesturada co inicio de «Earthquake», de Pálida. Mentres, Laura e Borja colocan técnicamente 60 follas de papel tamaño A4 no chan, formando un dameiro.

Xa cheguei a Salvador
son 6 horas vai calor
pouso as malas na proa
saco a foto de rigor

Salvador é a tríada
é o mapa é o animal
a enfermidade, o suceso
o apuro e o impuro

No suceso de existir
o que vai vir é o bit
e o bit da memoria
o pasado é un crash

e reverbera agora
agora un a go-gó
axuda a dar un valor
a un futuro que é mellor

non bata no futuro
que o futuro ven
se bate no futuro
no futuro dance

fun masón e fun mormón
fun xudío fun ateo
apostei tudo os xuros
sen resposta no correo

O triángulo aparece
e semelha que é o berce
é o berce do presente
e o pasado é un flash

a bandeira do meu clan
é un póster na parede
nun museo é eficaz
cunha orde aparente

as familias son mortais
non son un punto de vista
elas son protagonistas
son as pistas do real

as visitas non son mais
que un índice de vida
dos espazos animais
nos palacios virtuais.

salvador eu te invoco
cipó, chacrona.

8. Unha viaxe triangular

*Mentres Borja fala, Laura vai recollendo folios do chan
que conteñen imaxes e os proxecta na pantalla, graván-
doos cunha cámara de vídeo.*

Neste momento gustaríame facer un punto e á parte. Necesito compartir con vós algo que non ten directamente que ver coa historia que estou contando; algo que non sei o que significa, un enigma que non puideren resolver: a miña relación cos triángulos. Todo comezou cunha noticia que atopei nun blog brasileiro. O blog dun vereador —un concelleiro— chamado Cosme Araújo. Chamábanse así, o blog e o vereador: «o blog do vereador Cosme Araújo», un blog de noticias do estado da Bahía, por iso no banner ten a bandeira do estado, que se asemella á dos EEUU, pero no canto de estrelas ten un triángulo. Neste blog, ademais de novas, anuncios de perfumes e cosméticos, teléfonos de avogados, había tamén a noticia dunha campaña para a colleita de sinaturas para que un espazo dun barrio marxinal ás aforas da cidade de Ilhéus, que está situado entre dúas rúas, sexa denominado «Praza Benito Fernández Meirinho». O vereador propoñe para que sexa un lugar de encontro e propón poñerlle o nome de meu avó. Isto non sei se é bo ou é malo. Pero é así. Este espazo, visto desde arriba, ten forma de triángulo.

Coa carta que lle enviou Benito a Josefa viñan tamén algunhas fotografías, entre elas, unha foto na que aparece Benito vestido de masón. O mandil de masón é cadrado e ten un triángulo no medio. Na imaxe Benito está diante dunha bandeirola chea de símbolos da loxia masónica, adornada no seu marco por triángulos. Normalmente os templos masóns están presididos, á parte de por unha escuadra e un cartabón (triángulos), tamén por un ollo metido dentro dun gran triángulo. O frontón masón. É coma o ollo que todo o ve, o gran construtor do universo, non? Triángulos.

Cando estaba buscando información de Benito en Pontevedra, descubrín que foi presidente dunha asociación cultural en Salcedo do ano 57 ao 59. Igual é un pouco forzado pensar no tres como a evidencia doutro triángulo, pero resulta que nese mesmo edificio, abandonado durante anos, agora hai outra asociación cultural que se chama Liceo Mutante e que téñ como símbolo un triángulo invertido. Un pouco máis macarra que o masón, pero tamén é un triángulo. E resulta que alí organizan concertos. Nesta imaxe estamos os do grupo Es un Árbol tocando alí, hai cinco anos, e pódese ver a min cun gorro cheo de triángulos! Alí onde agora se fan os concertos, era a bodega da antiga asociación, onde moitas parellas dos anos 50 entre baile e baile baixaban para ter a intimidade que non tiñan na casa, así que cabe a posibilidade de que meus avós concebiran alí ao seu primeiro fillo: meu pai! Déixoo aí!

Póño a analizar todas as fotos máis antigas de meu avó e a primeira que aparece é unha dos anos 20 con tres nenos pequenos —o da dereita é Benito— a carón de súa nai, a miña bisavoa. A nai cos tres fillos forma un triángulo. Isto, pensei, ocorre na maioría das fotos familiares, sobre todo nesa época na que había que coidar a composición fotográfica, porque a película escaseaba e as fotos tiñan que ser chulas. Así que se querías unha foto familiar chula sentabas ao adulto nunha cadeira, puñas aos nenos diante e xa tiñas un

triángulo. Chama a atención que a figura do pai, emigrado en Brasil, é un engadido feito a través dunha fotomontaxe, moi típica da época, posiblemente coa fin de manter unha imaxe digna do que era unha familia unida. Aquí el non formaría parte do triángulo que o fotógrafo utilizou como forma artística para a foto. Pero estaría xustificadísimo pola importancia emocional do resultado. Sabemos que o triángulo, na arte da fotografía e da pintura, é apostar sobre seguro. A Mona Lisa, por exemplo, é un triángulo. O cumio da perspectiva Leonardiana. Sfumatto incluído. Isto cóntovolo porque pensando en tanto triángulo veume á cabeza a imaxe dun espectáculo que fixen no ano 2004, que se chamaba *Jean Paul*, no que eu copiaba a posición da Gioconda.

Borja alla para a foto de Jean Paul proxectada.

Si, son eu. Outro triángulo. Así que comecei a revisar as fotos del e comecei a ver triángulos en todas: no seu fillo máis vello cos seus irmáns pequenos; no templo masón; na praza, en Miss Garota do Verao Sulbahiano o triángulo era evidentísimo... Ben, xa estaba sumido no caos máis absoluto. Non sabía como saír de tanto triángulo sen sentido. Así que, naturalmente, empecei a ler sobre as constelacións familiares, a biodescodificación, a análise da vida cara a atrás, en como inflúe o herdado... Seica podemos descubrir se todas estas cousas sen resolver que arrastras son coma un dó ou algo do pasado que tes que solucionar no presente para seguir no futuro. Ou se, pola contra, son casualidades sen explicación. Coma todas as casualidades, por outra parte. Por exemplo: eu souben das cousas de meu avó en 2011. Así que foi a partir do 2011 cando me decatei de todo o que vou contar a continuación.

Ese ano souben que el morrera no 2004, o ano en que eu estreei *Jean Paul*, que era un espectáculo que empezaba comigo de loito, con flores na man, como indo para un enterro, e falaba dunha familia que estaba desaparecendo e que todos tiñan a mesma cara, a de

Jean Paul. Así que, pensei, se tiña que resolver algo, por aquí eu xa o resolvera.

Tamén descubrín que no ano 87 Benito Fernández enviou as dúas únicas cartas á súa muller e fillos de Galicia. No ano 2010 fixen un espectáculo titulado *Rewind. Fantasías en 1987*. Xiraba sobre a memoria e as cousas que non se poden contar con palabras. En escena estaba eu e unha montaña de cartón, unha especie de metáfora sobre os arquivos da memoria. Vaia, isto pensaba eu. Á vista era só cartón.

Para min todo isto, ademais de casualidades, eran triángulos. Da mesma maneira que as iniciais que forman os nomes de Benito Fernández, meu avó, coas do seu fillo de alá chamado igual ca el, Benito Fernández, e un dos seus fillos de aquí, que tamén se chama Benito Fernández, forman un triángulo. Deste triángulo pódese derivar outro: eu, co seu neto de alá, que tamén se chama Benito Fernández, as miñas iniciais, Borja Fernández e as do noso avó. Así podo formar varios tipos de triángulos con diferentes significados e significantes. Cales son? Non o sei.

O caso é que empecei a ver triángulos por todas partes. (*Sinalando*) Nas túas pernas vexo un triángulo; na túa posición vexo un triángulo; en ti vexo varios triángulos: o que vai da túa cabeza aos teus xeonllos, o que forma o teu brazo así apoiado na túa meixela... Miro para vós e só vexo triángulos. Coma o personaxe de Neo en *Matrix*, que ao final da peli en vez de ver figuras só ve números. Ou coma cando miramos por un caleidoscopio, que vemos unhas formacións aleatorias exhuberantes, pero que en realidade non son máis ca o reflexo de tres espellos dentro dun prisma triangular. Vós seguramente veredes a exhuberancia, eu só vexo triángulos.

«Onde vós vedes unha Mona Lisa eu vexo un triángulo equilátero, e iso é o que deberíades ver». Isto non o digo eu, isto o di Gombrich, un sociólogo da arte, protestante místico, pero que controlaba. E iso é o que vexo eu, pero non só na Gioconda, senón por todas partes: en

avó, fillo, neto, curmán, tío, sobriño; morte, estrea, argumento, figurantes, viaxes, localizacións... Todo para min son triángulos conectados entre si por unha fórmula que descoñezo. De feito *Salvador* é o final dunha triloxía que forma cos outros dous espectáculos dos que vos falei e que foron estreados cada 6 anos: un triángulo equilátero perfecto no que cada un dos seus lados mide seis anos.

Borja colle o micro e espeta:

Leonardo da Vinci utilizaba a técnica do *sfumato*, un efecto vaporoso que se obtén pola superposición de varias capas de pintura extremadamente delicadas, proporcionando á composición uns contornos imprecisos, así como un aspecto de vaguedade e distancia.

Para min, navegar pola vida de meu avó é como ir pintando en *sfumato*, percorrendo os lugares nos que estivo e os feitos que o conformaron para reconstruílos. Lugares nos que el xa non está, nos que agora estou eu para ver como se esvaecen cando intento rescatalos.

Borja solta o micro e segue.

Todo este desvarío estético-místico, no momento de empezar a encaixar as pezas, considerei que podía ser o nexo de unión que lle dera sentido a todo o material. Pero descarteino. Aínda así, levome tanto tempo que non me podía resistir a contalo. Por necesidade catártica e tamén por se acaso. Por se acaso alguén lle atopa sentido. E se é así, que mo diga. E non me digades que vaia a un medium ou a falar cos espíritos, porque xa o fixen.

9. O medium Francisco

Foi o 6 de abril de 2017. Estaba en Brasil. Levaba dous días alí, na cidade de Belo Horizonte, no interior do país, procurando información de Benito nesta a miña segunda viaxe, e fun a un medium. Ir a un medium en Brasil é como ir ao centro de saúde de Fontiñas, non ten ciencia ningunha. Así que fun a unha «igrexia espírita» coa nai dun amigo que vai alí todas as segundas feiras. Entrei na igrexa, unha casa verde preto da Avenida do Contorno. O lugar era pequeno, máis ou menos coma este espazo. Había un rastafari tocando o violão, unha mesa de cerimoniais, cadeiras de plástico e un chan de baldosas negras e brancas. No comezo da cerimonia déronme un ticket enorme, plastificado, cun número: «Medium 4». Este que vos ensino é unha réplica, non o levei de lembranza. Cando chegou a miña vez entrei por unha cortina verde a unha sala pequena, con luz tenue, case ás escuras. Había persoas deitadas en mesas, que estaban sendo atendidas, cada unha con cadanseu medium.

Unha señora levoume pola man a onda o «irmão Francisco». Ese era o nome do «espírito» que se comunicaba a través do medium. Non era o nome do medium, da persoa que estaba alí sentada, nunha cadeira de plástico mirando cara a parede, así, nesta postura. Diante del había outra cadeira pegada á parede onde sentei eu. Estabamos enfrontados. El estaba coma en trance, medio durmido. Mirei para el. A súa cara era igual á de Miguel o meu antigo xestor, o que me facía a declaración da renda hai uns anos! Colleume polas mans. Preguntoume o meu nome e o motivo de estar alí. Conteille que andaba buscando o rastro de meu avó, sen entrar en detalles da miña profesion. Preguntoume a data de «desencarnação» de meu avó, é dicir, cando morreu; e empezou a falar. Básicamente dicíame o que eu lle contaba a el pero con outras palabras, «aumentando» a historia. Pouco a pouco foise mollando máis e dixo que meu avó non era un relixioso practicante (certo, a súa muller, que aínda vive díxome que el non sabia

rezar); que «ele marchou de Galicia porque non se atrevía a encarar os problemas» (certo). Eu perdía a concentración porque pensaba en Miguel, o xestor! E tamén pensaba: «este tipo estame dicindo o que eu lle estou dicindo, pero con outras palabras!» Díxome: «você ten alguma outra pergunta?» Si. Por qué fuxiu? Entón colleume pola cabeza e díxome: «você trouxe un casaco de cor cincenta na mala coa que viaxou até o brasil?» E eu dixen: si! Levaba dous días en Belo Horizonte. Facía moita calor, estaba en chinelos e pantalóns curtos. Aínda non desfixera a maleta. A única prenda de abrigo que eu levaba na maleta era este suadoira gris! (*Ensínao*). Púxome a carne de galiña. Como carallo sabía iso? Eu non o levaba enriba! O tipo aí acertou caralho! Si, contestei e el continuou: «você deve ponher ese casaco dois días ao sol que máis quenta para deitar fóra as malas enerxías que ese casaco ten, entendeu?» Si. Era o casaco que eu levaba posto cando me despedín de meu pai, en Galicia, para ir ao Brasil. E iso foi o que fixen. E esta foi a miña experiencia medium.

O caso é que aquela noite soñei por primeira e última vez con meu avó. Vin a súa cara e falei con el. Estabamos os dous nunha estación de tren. Parecía a de Pontevedra. Un rapaz duns vinte anos, brasileiro, atendíanos de malas maneiras e eu pedía o libro de reclamacións. El calmouse cando pedín o libro. Díxenlle que non lle podía faltar ao respecto a unha persoa maior, e entón el volveuse agresivo. Pedín falar co seu xefe. Despois de moita discusión, o xefe veu. O pobre rapaz botouse a chorar, e eu tentaba calmalo tocándolle o xeonllo dereito, o que me doía a min uns meses atrás. Ao final calmouse. Meu avó e máis eu saímos da estación. Pregunteille se fixera ben en actuar desa maneira. Cando me foi responder xa non era meu avó, era meu pai; respondeume: «boh!, cando o rapaz saia de aquí, vaise chuzar a Arzúa e xa o esquece todo!»

E despois deste punto e aparte, pódese dicir que estamos chegando ao punto final.

10. Fin de traxecto

O caso é que a pregunta de por que fuxiu non a puiden resolver, segue sendo un enigma. El mesmo foi un enigma, case conseguiu borrar o pasado, pero enganouse nunha cousa, cando lle dicía na carta á súa muller: «María Josefa, lo siento mucho, pero el pasado jamás vuelta...». Non! Engánaste Benito Fernández Meiriño! El pasado si que vuelta!

Benito, ti fuxiches porque tiñas un plan: marchar coma un emigrante calquera e despois levar á túa familia para alá. Si, marchaches porque estabas perseguido por ter débedas, por adulterar sacos de fertilizantes, e case seguro que polos teus achegamentos ao ambiente masón de Pontevedra. Pero tamén porque vivías na casa da familia da túa esposa, que era toda do réxime franquista. Os tíos da túa muller eran un cura, un militar e un garda civil. Non eras aceptado nesa familia, ti querías unha vida mellor. Pero o teu plan fallou. Esas cousas pasan Benito.

E sabes o que me gustaría facer? Gústárame coller as túas dúas familias, a de Galicia e a de Brasil, que non se coñecen, e xuntalas nun espazo moi pequeno, a ver que ocorre. Pero non xuntalas nin en Galicia nin en Brasil, non. O que me gustaría sería xuntalas no medio do Atlántico, onde fixeches a túa transición, onde todo cambiou. Pois imaxinemos que agora estamos no medio do océano Atlántico. Nun barco. E postos a imaxinar, imaxinemos, non sei, un veleiro de vinte ou trinta metros de eslora. Grande, pero o suficientemente pequeno como para que non lles quede a todos máis remedio que verse as caras. E alí sacar unha foto: a foto da ilusión. Ah! E un barco con capitán deses con gorro, vestido de branco, que fan de todo: pilotan o barco, fan o churrasco e non se meten na túa vida. Anda por aí meu tío José Benito, un dos teus fillos de aquí, na cadeira de rodas, non querendo saber, non fala con ninguén; o meu outro tío Benito, un dos teus fillos de alá, facendo a comida, falando con todo dios, cocendo lambrettas,

que son coma ameixas que saben a berberecho, pero así de grandes. «Oi, gente, venha comer, viu?» Miña tía Carla, evanxelista, rezando a deus pola súa familia. Miña tía Lupe fumando un carozo na proa e achégase o seu novo irmán Wilson (son iguais!). Meu pai por alí fli-pando, e a túa muller de alá, claro: Filomena. Filomena é unha tipa espectacular, sesenta e catro anos de beleza brasileira, tipazo, en traxe de baño. Tamén os raparigos todos, os netos, que son nove. Quen os verá tirándose en bomba desde o trampolín! Ah! E hai comida dos dous países: abará, acaraxé, aipim, cocos, abacates dos grandes, licor café, empanada, roxóns, caldeirada... Todo aí mesturado, ne?

Algúns están en traxe de baño tomando o sol. No medio do Atlántico pega moito o sol, así que...

Borja diríxese a un do público:

Pódesme botar crema? Queres ti tamén? Esta vale para a cara e para o corpo.

Iso sería o ideal, xuntalos a todos. Pero é carísimo: seis fillos, tres e tres, nove netos, tres por aí, tres por alá e tres por outro lado, e tres bisnetos aquí e agora un máis alá... Vaia, un non parar de procrear.

Laura, podes poñer as fotos dos loiros?

Borja vai nomeando a quen aparece nas fotos, todos os seus curmáns e curmás, el incluído, de Galicia e de Brasil, todos loiros de pequenos.

Así que os gravei a todos clandestinamente e metinos a todos nunha pista de audio. Unha maneria un pouco rudimentaria de xuntalos, pero non máis rudimentaria que as fotomontaxes dos anos 20, nas que os fotógrafos mesturaban unha imaxe do pai emigrado coa foto da muller e os fillos, co obxectivo de conservar unha imaxe digna do que era unha familia. O papel de prata do que falaba na foto de 1929. Pero neste caso o obxectivo sería outro. Invocar o espectro de Beni-

to Fernández, a súa alma selvática, para que nos explique dunha vez por todas o porqué destas casualidades triangulares.

Laura, cando queiras. Por favor, un aplauso para Laura, que me acompañou nesta viaxe.

Subtítulos coa familia Fernández Meirinho de Galicia e de Brasil.

Borja, cun picnic montado enriba dunha manta de salvamento, pon unha máscara tribal e come unha banana. Cando entra a canción «Nadador Salvador» de Rosvita, Laura proxecta no corpo del a luz ultravioleta dunha lanterna e decenas de triángulos aparecen pintados sobre a pel. Borja, no último compás, abre a man esquerda: revélase, na palma e nos dedos, a palabra FIN.

